

**PUBLICACIÓN DO ACORDO PLENARIO DO CONCELLO DE MELIDE (03/02/2026)
SOBRE DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL DOS
INMOBLES NOS QUE SE DESENVOLVAN, TOTAL E EXCLUSIVAMENTE,
ACTIVIDADES AGRARIAS, GANDEIRAS OU FORESTAIS PERTENCENTES AO
SECTOR PRIMARIO A EFECTOS DA BONIFICACIÓN DO IBI.**

En sesión ordinaria celebrada polo pleno da corporación municipal do Concello de Melide de data 3 de febreiro de 2026, adoptouse o seguinte acordo:

“PRIMEIRO. – *Ditaminar favorablemente, con efectos nos períodos impositivos 2026 e seguintes, a declaración de especial interese ou utilidade municipal das actividades agrarias, gandeiras ou forestais pertencentes ao sector primario que se desenvolven no inmovible abaixo referenciado por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento de emprego que xustifican tal declaración, sendo que se incorporan construcións cun uso distinto das actividades agrarias, gandeiras ou forestais (vivenda):*

Nº REXISTRO/ DATA SOLICITUDE	NIF/CIF	SUXEITO/S PASIVO/S	REFERENCIA CATASTRAL	GRAO DE AFECCIÓN	BONIFICACIÓN (%)
202599900002123 (18/11/2025) 202599900002303 (22/12/2025) 202599900002323 (29/12/2025)	***9808**	JOSÉ MARÍA BOLAÑO COUSO	15047A043000190000GA	Parcial	50

SEGUNDO.- *Notificar o presente acordo á María del Carmen Fisteus Sánchez (***8332**).*

TERCEIRO.- *Publicar o contido do respectivo acordo no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Melide aos efectos oportunos.*

CUARTO.- *Dar traslado do respectivo acordo ao departamento de intervención municipal do Concello de Melide.*

QUINTO.- *Dar traslado do respectivo acordo ao servizo de xestión tributaria da Deputación da Coruña”.*

Publicándose o dito acordo aos efectos oportunos, sendo que é definitivo na vía administrativa e que contra el poderase formular un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte á presente publicación, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña na forma prevista pola Lei reguladora da dita xurisdición, do 13 de xullo de 1998. Tamén poderase interpor, con carácter potestativo e previo ao expresado recurso contencioso-administrativo, un recurso de reposición ante o órgano que ditou esta resolución no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ao da publicación do presente acordo, en cuxo caso non se poderá interpor o recurso contencioso-administrativo se non é dentro dos prazos fixados pola mencionada lei, dende que lle sexa notificada a resolución expresa ou dende que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto; esta desestimación presunta producirase se transcorre un mes se que se ditase e notificase a resolución do recurso de reposición. Porén, advírtese que se poderá utilizar calquera outro recurso se así se cre conveniente.

Melide, 4 de febreiro de 2026

O alcalde,

José Manuel Pérez Penas

Documento asinado electronicamente.